

COMISIÓN INFORMATIVA DE COOPERACIÓN, INFRAESTRUTURAS E MEDIO RURAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **20 de xaneiro de 2021**

Ás 18.00 horas do día 20 de xaneiro de 2021, reúnese a comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, a través do sistema de videoconferencia (no enlace: <https://call.lifesizecloud.com/6339643>) coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Pablo Pérez Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D. Álvaro José Fernández López

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. Jorge Pumar Tesouro

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Aurentino Alonso Araújo

D.^a Elvira Lama Fernández

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

Deputado de Democracia Ourensana:

D. José Miguel Caride Domínguez

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asiste a **deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía:** D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á

ORDINARIA DO DÍA 9 DE DECEMBRO DE 2020.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 9 de decembro de 2020.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural do día 9 de decembro de 2020, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- RECTIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO DE APROBACIÓN INICIAL DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2021

O Sr. secretario expón o contido da proposta

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5), de DO (1) e do BNG (1) e a abstención do Grupo Socialista (3), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Rectificar o importe do Plan complementario, incrementándose en 48.000 euros o importe destinado a obras municipais e reducíndose no mesmo importe o destinado á rede viaria, debido a existencia dun erro na inclusión dunha obra

2º.- Acordar a inclusión no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2021, tanto principal como complementario, das actuacións solicitadas en tempo e forma polos concellos de Leiro, Manzaneda, Ourense, San Xoán de Río e Vilar de Barrio, resultando o seguinte cadro de financiamento:

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN E ESTRADAS			
	DEPUTACIÓN	CONCELLOS	TOTAL
1.- Obras municipais	3.258.135,75 €	1.129.247,08 €	4.387.382,83 €
2.- Adhesión á base 9ª	1.252.364,25 €		1.252.364,25€
3.- Rede Viaria Deputación	1.500.000,00 €		1.500.000,00 €
TOTAL	6.010.500,00 €	1.129.247,08 €	7.139.747,08 €

PLAN COMPLEMENTARIO			
	DEPUTACIÓN	CONCELLOS	TOTAL
Obras municipais	2.056.000,00 €	146.114,90 €	2.056.000 €
Rede Viaria Deputación	6.315.296,00 €		6.315.296,00 €

3º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA IMPLANTACIÓN NA PROVINCIA DE OURENSE DUN PARQUE EMPRESARIAL EXCLUSIVAMENTE VINCULADO AO SECTOR AGROALIMENTARIO.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, expón o contido da moción

D. José Miguel Caride Domínguez, de Democracia Ourensana, manifesta estar de acordo coas propostas da moción, indicando que unha proposta similar figuraba no programa electoral de DO que concorreu ás eleccións autonómicas.

D. Bernardo Varela López, do BNG, indica que estaría a favor da moción, lembrado que no bipartito houbo un intento similar co parque empresarial do Val da Rabeda, que tería unha parte exclusiva dedicada ao sector agroalimentario.

O **presidente da comisión** indica que o Grupo Popular reserva o voto para o Pleno.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista (3), de DO (1) e do BNG (1) e a abstención do Grupo Popular (5), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Deseñar, coordinadamente con outras administracións públicas e co sector privado, a implantación na provincia de Ourense dun parque empresarial exclusivamente vinculado ao sector agroalimentario.

2º.- Instar ao presidente da Deputación Provincial de Ourense a que cumpra o estipulado no punto 21, artigo 61, do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, como tamén co recollido na letra n, punto 1, do artigo 34 da Lei de bases do

réxime local, nos que se indican, entre as funcións do presidente da Deputación, “*facere cumprir os acordos da Deputación*”, con especial atención a todos aqueles que contaron con apoio unánime.

4º.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A XESTIÓN DE RESIDUOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

D. Bernardo Varela López, do BNG, explica con detalle a moción.

D. José Miguel Caride Domínguez, de Democracia Ourensana, manifesta estar de acordo coa xestión directa deste servizo por parte da Deputación Provincial e manifesta que estudará a moción para o pleno.

D.ª Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, manifesta que están a favor da moción, se ben reservan o voto para o pleno.

O **presidente da comisión**, indica que respecto ao servizo de RSU da Deputación seguen coa intención de pasalo a xestión directa, xa que aínda que funciona razoablemente ben, hai certos aspectos que se poden mellorar coa xestión indirecta.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do BNG e a abstención do Grupo Popular (5), do Grupo Socialista (3) e de DO (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- O Pleno da Deputación Provincial de Ourense garante o carácter público da xestión e execución do servizo de xestión de residuos desta Deputación Provincial de Ourense.

2º.- O Pleno da Deputación Provincial de Ourense propón implantar unha estratexia “multiterritorio” para “repensar, redeseñar, reducir, reparar, recuperar, redistribuír e reciclar” o lixo xerado nos concellos adheridos ao seu servizo.

3º.- Promover un modelo de xestión descentralizada dos residuos, singularmente da materia orgánica mediante a compostaxe.

4º.- Establecer un plano de xestión de materia orgánica de proximidade e km0 inspirado no plan Revitaliza da Deputación de Pontevedra, con eficacia comprobada e de recoñecemento internacional.

5º.- Instar á Xunta de Galiza a rachar co modelo fracasado, custoso e daniño ao medio ambiente de SOGAMA, deixando esta planta unicamente para o 20% do lixo producido, non

susceptible doutro tratamento na actualidade, avanzando o compromiso desta Deputación no camiño da sustentabilidade ambiental, na busca dos residuos cero.

5º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se producen.

E, ás 18.30 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará de forma electrónica. Dou fe.